




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



O cómputo de convocatorias para alumnos trasladados recóllese no Decreto 9/75, modificado polo Decreto Lei 8/76, no que se di: "*Se o alumno obtivese o traslado do expediente académico a outra universidade, computaranselle as convocatorias que tivese esgotado na Universidade de procedencia*"

Este cómputo de convocatorias veuse realizando tradicionalmente respecto das materias que tivesen igual denominación, sen un pronunciamento das comisións de validacións respecto das materias suspensas para coñecer se a mesma denominación significaba igual contido, dándose casos de computar as convocatorias na materia suspensa do expediente trasladado, pero sen embargo no caso de que a mesma materia estivese aprobada non se validaba por ter un contido substancialmente distinto.

Esta situación prodúcese sobre todo na Facultade de Veterinaria por mor dos alumnos procedentes da Facultade de Veterinaria da Universidade de León na que a materia de *Patoloxía Xeral*, de igual denominación en ámbalas dúas facultades ten contidos substancialmente diferentes non podendo ser obxecto de adaptación na nosa Universidade salvo se o alumno tamén ten superado a materia de *Propedéutica clínica*.

Por todo o indicado e para dar unha solución a esta situación dicto a seguinte

INSTRUCCIÓN

UNICO.- Ós alumnos procedentes da Facultade de Veterinaria da Universidade de León non se lle computarán as convocatorias que teñan esgotadas na materia de Patoloxía Xeral no caso de que a teñan suspensa. O cómputo de convocatoria só se fará, para esta materia dende que sexa alumna da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 1999

O RECTOR




Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Veterinaria, Sr. Vicexerente, Sra. Xefe do Servizo de Alumnado, Sr. Director do Sein, Sr. Director do COIE, Sra. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo.